



nota de prensa

## Aprobada a moción de Veciñanza para crear unha mesa de traballo que afronte a perda de poboación en Cuntis

*A iniciativa presentada por Veciñanza obtivo o respaldo tanto de Partido Popular como de PSOE, asumindo así a alerta que se desprende dos datos presentados polo INE a finais do ano pasado e que indican unha perda de poboación alarmante en Cuntis e moi por riba da media.*

Cuntis. 31 de xaneiro de 2019

O Pleno Municipal da Corporación de Cuntis aprobou por unanimidade, na sesión ordinaria do xoves 30 de xaneiro de 2020, a moción presentada por Veciñanza para a creación dunha mesa de traballo sobre o declive demográfico do municipio. A iniciativa presentada pola organización municipalista obtivo o respaldo tanto de Partido Popular como de PSOE, **asumindo así a alerta que se desprende dos datos presentados polo INE a finais do ano pasado e que indican unha perda de poboación alarmante en Cuntis e moi por riba da media.**

Se ben é certo que o descenso demográfico é unha dinámica asentada no conxunto do País, e que en boa medida ten que ver coas políticas da Xunta de Galicia durante a última década, **as tres forzas municipais de Cuntis coincidimos en que os datos que presenta o noso municipio teñen características específicas. Só así se entende que o descenso poboacional dos últimos dez anos se sitúe moi por riba das medias comarcal, provincial, nacional e estatal. As carencias en servizos básicos, a ausencia de ordenamento urbanístico, a incapacidade de atraer industria debido á parálise do polígono industrial ou o non desenvolvemento doutros sectores económicos son algunhas das causas que se atopan detrás dunha gráfica de poboación que vén caendo en picado durante os últimos anos.**

A iniciativa de Veciñanza, que no día de onte foi aprobada no pleno, insta á **creación dunha mesa de traballo que valore e analice as causas que explican os graves datos demográficos que presenta Cuntis. Pretende incorporar as valoracións de entidades e colectivos sociais, veciñais, empresariais, etc. da vila, para despois emitir directrices que guíen o traballo dos vindeiros anos** e nas que poida existir consenso político e social nun problema de primeira orde.